



Inma López Silva, Yolanda Castaño, Anxo Lorenzo, María Canosa, Ramón Villares, Fernán-Vello, Luz Pozo e Cesáreo Sánchez, no acto de onte.

Fran Alonso gaña o Premio de Novela por Entregas de La Voz

A historia, ambientada en Vigo, será publicada no xornal no mes de agosto

REDACCIÓN / LA VOZ

A historia de dous personaxes marxinais e dunha camioneira acompañarán aos lectores de La Voz de Galicia ao longo do mes de agosto. Son os protagonistas da obra gañadora do Premio de Novela por Entregas de La Voz, presentada baixo o lema *A punta de pistola* e cuxo autor resultou ser Fran Alonso. O fallo coñeceu-se onte no transcurso dunha cea literaria celebrada nas instalacións do Museo Santiago Rey Fernández-Latorre.

A punta de pistola ábrese cunha escena de ritmo trepidante: un delincente de pouca monta, coñecido como O Varas, e a súa muller, Rica, acoden a un punto de encontro familiar para ver aos seus fillos, baixo tutela dos servizos sociais. Pero unha vez alí os secuestran e os levan a punta de pistola. Así comeza unha frenética fuxida por Vigo e a súa contorna, narrada con axilidade e un pulso que recolle o ritmo das mellores persecucións cinematográficas.

De xeito alterno coa historia de O Varas e Rica a novela presenta a unha camioneira galega, que non só conduce o seu vehículo, senón tamén a súa empresa, e mesmo escribe un blog no que recolle as súas reflexións e pensamentos vitais. Esta segunda trama, máis intimista e repousada, supón un contrapun-



Fran Alonso, no centro, foi o gañador do premio coa obra «A punta de pistola». FOTOS: VÍTOR MEJUTO

to ao ritmo de vertixe da fuxida e persecución da parella de delincuentes cos seus fillos, para confluír nun remate inesperado.

Alonso explicou, nada máis recoller o premio, como o suceso que lle inspirou a novela demostra que «a realidade, cando quere, pode ser máis inverosímil que a ficción», e que asumira o reto de converter aquela inverosimilitude nun relato literario verosímil. No seu discurso, o ga-

larloado tamén recordou outra fonte de inspiración tirada da realidade, a galega Celia Rivas, que en 1932 se converteu na primeira muller camioneira de España. Para o seu autor, *A punta de pistola* é unha *road movie* de «ritmo trepidante», con vocación de «enganchar» ao lector, pero que tamén quere poñer unha reflexión sobre a «desestruturación social», entre outros temas, e saudou unha

iniciativa, a do premio e a dos Relatos de Verán, que «levan a literatura galega ata milleiros de fogares».

A novela publicarase no xornal e na súa edición dixital ao longo do mes de agosto, ao ritmo dun capítulo por día, nas Páxinas Literarias. O galardón, co patrocinio de Ámbito Cultural de El Corte Inglés, ten tamén unha dotación económica de 6.000 euros.

Un autor que cultiva a poesía, a narrativa, a crónica e a literatura para lectores mozos

Fran Alonso (Vigo, 1963) traballa no eido da edición —dende 1992 forma parte do equipo de Edicións Xerais de Galicia— e é autor dunha longa e sólida traectoria na que cultivou tanto a narrativa como a poesía ou a crónica xornalística e as narracións para lectores mozos. Entre os seus títulos destacan *Tráiler*, unha novela coa que gañou en 1991 o Premio Blanco Amor, e *Males de cabeza*, unha colección de relatos arredor da tolema. A súa achega narrativa é o volume *Ninguén*, do 2011. Doutra banda, a súa poesía foi recollida no volume *Subversións*.

No eido xornalístico acadou gran éxito con *Territorio ocupado*, unha crónica sobre a situación do pobo saharauí, mentres que no capítulo de literatura infantil e xuvenil conta con títulos como *Cidades*, *Cartas de amor* ou o recente *O meu gato é un poeta*. Tamén é responsable da antoloxía lírica *Poetízate*.

Toda a súa obra se caracteriza por un desexo de renovación formal e un posicionamento rebelde e inconformista, que lle confiren unha unidade temática e estilística, sexa cal sexa o xénero empregado.

Imaxinación e ideas novas para escorrentar a sombra da crise

«Son malos tempos para a lírica». Así resumiu o director de Ámbito Cultural de El Corte Inglés, Ramón Pernas, a sombra que a crise deitou sobre o acto. Pernas aludiu a unha «banalización da cultura» á que hai que facer fronte dende o libro, e tivo tamén unha agarimosa lembranza para Kristina Berg, presidenta da Fundación Carlos Casares, finada hai poucos días. O conselleiro de Educación e Cultura, Xesús Vázquez, lembrou a pioneira iniciativa da Biblioteca Gallega do fundador de La Voz, Juan Fernández Latorre, «que pervive en espírito» neste premio e apelou á «unidade, entendemento e colaboración en tempos de crise». Pechou o acto o director de La Voz, Xosé Luís Vilela, quen asegurou que a novela premiada fará disfrutar a moitos lectores e convidou aos creadores a mirar para arriba, «ao ollo do pozo, e ver a marabilla», para superar as actuais dificultades.